



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1 (EXPDTE. 2022/E001/000013)

FASE DE CONCUROS. VALORACIÓN DE MÉRITOS.

En Ordes, a 2 de marzo de 2023, sendo as doce horas e trinta minutos reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar, Ordes o Tribunal que ha de xulgar o PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1, convocada por resolución de alcaldía nº 1502/2022, de data 1 de decembro de 2022.

Asisten:

- . **Presidente:** Javier Siro Suárez Rodríguez. Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** María José Nartallo Penas, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional [asistencia por medios electrónicos, videoconferencia (art. 17.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, LRXSP).
- . **2º Vogal:** José Alberto Moar Tobío, Escalade Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Administrativa.
- . **3º Vogal:** Pilar Rey Rodís, Escalade Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Administrativa.
- . **Secretario:** Juan Luis González Iglesias, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente ao exame das reclamacións presentadas contra a cualificación provisional da primeira proba, preguntas tipo test, fase de oposición, que son as seguintes:

1.- Reclamación presentada por **Alicia Guzmán Guzmán**, con DNI nº ***5553**, data 24/02/2023, rexistro de entrada nº 202399900000454 e **Sergio Irigoyen Vázquez**, con DNI nº ***5547**, data 01/03/2023, rexistro de entrada nº 202399900000495, solicitan que se proceda á anulación da **Pregunta nº 37** ao ser dúas as posibles respostas correctas, letras c) e d). Solicitan a anulación desta pregunta.

Visto do disposto no artigo 11 da Lei 19/2013, a usabilidade e a prevención non son Principios técnicos aos que debe adecuarse o Portal da Transparencia desenvolvido pola Administración del Estado, sendo dúas posibles respostas correctas, letras c) e d).

O Tribunal acorda estimar a reclamación presentada, procedendo á anulación da pregunta tipo test nº 37, pasándose a ter en conta a pregunta de reserva nº 41.

2.- Reclamación presentada por **Hugo Santín Castro**, con DNI nº 76582110E, data 24/02/2023, rexistro de entrada nº 202399900000455, solicitan que se proceda á anulación das pregunta seguintes:

- **Pregunta nº 18.** A resposta correcta é a letra d). O prazo de dez días a partir da data no que o acto fose ditado, resposta letra b), sinalada como correcta, segundo art. 40.2 Lei 39/2015, de 1 de outubro, é un prazo para cursar unha notificación, non para publicar. Solicita a anulación desta pregunta.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A pregunta nº 18 que formula o Tribunal versa sobre a publicación “dun acto administrativo” que require dos mesmos requisitos, coincidentes cos esixidos para a práctica dunha notificación. Por tanto esta concreta publicación debe ser cursada no prazo de dez días a partir da data no que o acto fose ditado. A resposta correcta á pregunta nº 18 é por tanto a letra b).

O Tribunal acorda desestimar a reclamación presentada.

- **Pregunta nº 23.** As respostas correctas poden ser as letra b) e c). O art. 56.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, contempla tamén a posibilidade de adoptar medidas provisionais. Solicita a anulación desta pregunta.

Para responder a esta pregunta, o primeiro que debe de analizarse é a concreta finalidade da medida provisional que no seu enunciado se indica que se pode adoptar, que vai a determinar o momento da súa adopción e á súa vez o órgano competente. Na pregunta obxecto de reclamación esta finalidade é “asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer”. Tendo en conta o anterior, esta concreta medida segundo o art. 56.1 da Lei 39/2016, de 1 de outubro, so se pode adoptar, iniciado o procedemento e por órgano competente para resolver. Por tanto a resposta correcta é a letra c).

A resposta la letra b) refírese a medidas provisionais para os casos de “urxencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados”, e sempre antes da iniciación do procedemento administrativo. Iniciado o procedemento, e por estes concretos “casos”, non se podería adoptar medidas provisionais.

O Tribunal acorda desestimar a reclamación presentada.

- Pregunta nº 33. As respostas correctas poden ser as letras b) e c). O art. 142.2.c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, sinala que os muros de contención están suxeitos a licenza municipal, cando así se estableza regulamentariamente. Os muros de contención poden estar ou non suxeitos a licenza municipal. Solicita a anulación desta pregunta.

Para responder a esta pregunta os aspirantes deben ter en conta que nestas preguntas tipo test, desta fase da oposición só unha das pregunta é a correcta. Os muros de contención segundo o art. 142.2.c) da Lei do solo de Galicia, poden estar suxeitos a licenza municipal, polo que o único acto que de forma expresa e sen ningún xénero de dubida non esta suxeito a licenza municipal zona s obras de demolición derivadas de expedientes de reposición da legalidade urbanística. Polo tanto a única reposta posible é a letra c).

O Tribunal acorda desestima a reclamación presentada.

- Pregunta nº 44 (reserva). O temario da convocatoria non esixe coñecer locucións en latín. Solicita a anulación desta pregunta.

A locución en latín “Reformatio in peius” en materia de recursos fai referencia ao sinalado no art. 119.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que establece que a resolución dun recurso administrativo non pode agravar a situación inicial do recorrente. O Temario deste proceso selectivo, Segunda parte, Tema 8, fai referencia aos recursos administrativos. Os aspirantes que concorren a este proceso selectivo deben coñecer a que se refire esta concreta locución legal dun concreto precepto da LPACAP.

O Tribunal acorda desestima a reclamación presentada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Vistas as respostas do Tribunal ás reclamacións presentadas, procédese a revisar as cualificacións provisionais, sendo as puntuacións definitivas as seguintes:

CÓDIGO ASPIRANTE	RESPOSTAS CORRECTAS	RESPOSTAS INCORRECTAS / BLANCO	PUNTUACIÓN TOTAL
2879549637	36	4	8,666
7272293973	35	5	8,333
3874587692	33	7	8,000
9892468694	34	6	8,000
4294695663	33	7	7,666
7427275625	32	8	7,333
8564782493	32	8	7,333
2869342269	31	9	6,666
2947696425	30	10	6,666
4597657696	30	10	6,666
5698234759	31	9	6,666
6548234284	28	12	6,333
4979662945	28	12	6,000
8923648266	27	13	5,666
5879462843	25	15	4,666
8343442545	24	16	4,666
3226439659	19	21	3,000
8547264932	17	23	2,000
6897452843	13	27	1,000

(*) É necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

Unha vez outorgadas as puntuacións definitivas procedeuse a apertura dos sobres para relacionar cada código coa identidade dos aspirantes. Polo tanto, superan esta primeira proba, preguntas tipos test, fase de oposición os aspirantes seguintes:

CÓDIGO ASPIRANTE	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
2879549637	Reino Rey, Alba Andrea	8,666
7272293973	Sánchez Fernández, Almudena	8,333
3874587692	Bermúdez Rivas, María del Carmen	8,000
9892468694	Rodríguez Benlloch, Fernando	8,000
4294695663	Lema Amado, Noelia María	7,666
7427275625	Pintos Capeáns, Jesús Manuel	7,333
8564782493	Reigosa Lombao, Agostiño	7,333
2869342269	Ponte Reiriz, Iria	6,666
2947696425	Irigoyen Vázquez, Sergio	6,666
4597657696	Boquete Bouzas, Olalla	6,666
5698234759	Muñoz Fernández, David	6,666
6548234284	Díaz Mirás, María del Carmen	6,333



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

4979662945	Doval Pazos, Brais	6,000
8923648266	Santín Castro, Hugo	5,666

Polo tribunal acórdase publicar a resposta ás reclamacións presentadas, cualificación definitiva e aspirantes aprobados na primeira proba, preguntas tipo test, da fase de oposición na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello.

RECURSOS: Contra os acordos anteriores do Tribunal de Selección, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

De conformidade co establecido na Base 5.2 reguladora deste proceso selectivo convócase aos aspirantes que superaron a primeira proba, fase de oposición, á celebración da terceira proba, caso práctico, fase de oposición, que terá lugar o día 9 de marzo de 2023, ás 10:00 horas, na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes.

Dado o número de aspirantes que superaron a primeira proba, a lectura do caso práctico terá lugar en varios días, empezando por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra T.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as catorce horas do día ao principio sinalado.

Ordes, 2 de marzo de 2023

O Presidente

O Secretario

Javier Siro Suárez Rodríguez

Juan Luis González Iglesias